NARÓN

Datos Do Expediente:

CONTRATOS REGULACIÓN ARMONIZADA		
Unidade Tramitadora:		
Contratacion e Obras Publicas - IMG		
Número expediente:	Documento:	
CON/96/2014	CONZI0MF	
3L5G6F0R4D2D4F1Z052Q		

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE AVALIACIÓN DAS REFERENCIAS TÉCNICAS, PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE LIMPEZA DE ESCOLAS MUNICIPAIS E EDIFICIOS MUNICIPAIS

Presidente: D. José M. Blanco Suárez, que actúa como presidente.

Vogais:
D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli, secretario xeral
D. Manuel G. Antón Villamil, interventor accidental
D. José Iban Santalla Borreiros, concelleiro delegado delegado de Servizos
D. Anselmo García López, funcionario servizos externos.

Secretario da Mesa: Ignacio Mazaira Garro, Xefe Sección Contratación.

Sendo as 13:00 horas do día sete de outubro de dous mil quince, reúnese a Mesa de Contratación formada polos membros que enriba se expresan, para avaliar as ofertas técnicas presentadas polos licitadores do procedemento aberto para a adxudicación do servizo de limpeza de escolas e edificios municipais.

Declarada aberta a sesión pola presidencia, éntrase a debater o informe elaborado polo Xefe dos Servizos Externos, Dna. Francisco García Gato, que se achega como anexo a esta acta, no que se analizan os criterios de licitación suxeitos a xuízo de valor das ofertas presentadas polas empresas licitadoras.

O informe, despois dun estudo pormenorizado das ofertas, presenta as seguintes conclusións:

Este informe baseándose nos pregos de condicións técnicas e administrativas, recolle unha proposta de puntuación das ofertas con base as dúas áreas valoradas conxuntamente con 40 puntos, segundo a seguinte descrición:

Organización do traballo: (Adscríbense a esta área 25 puntos)

a) Descrición dos edificios, do seu mobiliario, das superficies dos patios e zonas deportivas anexa.
b) Especificación do tratamento de limpeza a realizar
c) Organigrama funcional e de asignación de persoal a cada actividade
d) Organización dos servizos de prestación non diaria
e) Descrición da maquinaria e medios auxiliares a utilizar.
f) Descrición dos produtos de limpeza
g) Estudio económico

Criterios medioambientais e sociais. Adscríbense a esta área 15 puntos.

a) Medioambiente -5 puntos

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

b) Igualdade 5 puntos
c) Vulnerabilidade social 5 puntos.

Antes de continuar coa avaliación das ofertas, a Mesa acorda rexeitar a proposición presentada por Ferrovial Servicios S.A. ao non presentar o estudio económico esixido no punto 9 da portada do prego de cláusulas administrativas particulares, en relación coa cláusula 4 do prego de condicións técnicas, sen prexuízo da avaliación efectuada non seu informe polo funcionario asinan te.

Examinado e debatido o resto do informe, a Mesa fai seus os criterios contidos no mesmo e por tanto a puntuación outorgada:

Empresa	Organización do Traballo	Criterios Medioambientais e sociais			Total
		Medioambiente	Igualdade	Vulnerabilidade Social	
Samyl S.L.	21	5	5	5	36
Star Servicios S.L.	5	3	3	3	14

Así mesmo, e dacordo co disposto na punto 9 da portada do prego de cláusulas administrativas que rexe esta contratación, esta Mesa acorda non ter en conta a oferta presentada pola empresa Star Servicios ao non acadar o limiar mínimo de 20 puntos establecido para a puntuación dos criterios suxeitos a xuízos de valor, resultando excluída do proceso de licitación.

Levantada a sesión pola presidencia, as trece horas e vinte minutos da data indicada no encabezamento, esténdese a presente Acta que, trala súa lectura, asinan o presidente e o secretario da Mesa, do que, como secretario, dou fe.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es